



UD 4. RISCO E ENDEBEDAMENTO: O Custo de Pedir Prestado

Índice de contidos

1. **Instrumentos de Pago e Crédito:** Definición e Clasificación
2. **O Endebedamento:** Conceptos clave, comisións, riscos e consellos prácticos.
3. **Tipos de Préstamos:** Persoais vs. Hipotecarios.
4. **A Psicoloxía do Endebedamento:** Nesgos Cognitivos.
5. **Seguridade e Mitigación do Risco:** Seguros.

1. Instrumentos de Pago e Crédito: Definición e Clasificación

Para xestionar as nosas finanzas, é vital distinguir entre os instrumentos que utilizan o noso propio diñeiro e aqueles que supoñen unha débeda (diñeiro prestado).

1.1. Instrumentos de Pago (Diñeiro propio)

- **Tarxeta de Débito:** É un medio de pago que desconta o diñeiro de forma **instantánea** da túa conta corrente. Se non tes saldo, a operación desbótase (a non ser que teñas autorizado un descuberto). Non supón endebedamento, senón uso de aforro propio.

1.2. Instrumentos de Crédito (Diñeiro alleo/Débeda)

- **Préstamo Bancario:** O banco entrega unha cantidade fixa de diñeiro que o cliente debe devolver nun prazo determinado, pagando un xuro (TIN/TAE). Úsase para fins específicos (un coche, unha reforma).
- **Hipoteca:** Préstamo bancario a longo prazo (15-30 anos) para a compra dun inmovible, onde a propia casa actúa como garantía en caso de non pagar.
- **Descubertos bancarios:** Son os "números vermellos". Ocurren cando gastamos máis do que hai na conta. Teñen un custo moi elevado en comisións e xuros.
- **Tarxeta de crédito** é un medio de pago que che permite realizar compras ou retirar diñeiro sen necesidade de ter fondos na túa conta bancaria nese preciso momento. Ao contrario que a de débito, o banco "préstache" o diñeiro ata unha data determinada (normalmente a principios do mes seguinte).



Funcionamento: O banco concédeche un **límite de crédito** (por exemplo, 1.000€ ao mes). Ti vas gastando e, ao chegar o día pactado, o banco retira o total do gastado da túa conta.

Modalidades de pago:

- **Pago total mensual:** Pagas todo o que gastaches a final de mes. Normalmente **non ten xuros**, pero se non tes saldo na conta nese momento, o banco cobrarache comisións moi altas por descuberto.
 - **Pago aprazado:** Decides pagar a débeda en varios meses. Aquí é onde se converte nun produto de risco, xa que os **xuros adoitan ser moi elevados**.
- **Créditos Rápidos:** Son préstamos de pequena contía que se obteñen de forma case inmediata e con poucos requisitos. **Risco:** Teñen uns intereses (TAE) extremadamente altos, moito máis que os préstamos habituais. Os tipos de xuro son tan abusivos que poden atrapar ao consumidor nunha espiral de débeda.
 - **Tarxetas Revolving:** Son tarxetas de crédito nas que se elixe pagar unha cota fixa moi pequena ao mes en lugar de pagar o total da débeda. **Risco:** O diñeiro que non se paga xera xuros moi elevados que se suman á débeda principal, o que pode facer que a débeda se convirta en "infinita".

Clasificación Segundo o Risco e o Custo			
Instrumento	Diñeiro propio/alleo	Custo (Xuros)	Nivel de Risco para o usuario
Tarxeta de Débito	Propio	Nulo (pode ter comisión)	Baixo (control total)
Préstamos bancarios (Persoal/hipotecario)	Alleo	Medio/Baixo	Medio
Descubertos bancarios	Alleo	Moi Alto	Moi Alto
Créditos Rápidos	Alleo	Moi Alto	Moi Alto (trampa de débeda)
Tarxeta Revolving	Alleo	Moi Alto	Moi Alto (débeda perpetua)



2. O Endebemento e o Custo Real do Diñeiro

Endebedarse supón gastar hoxe un diñeiro que aínda non xeramos, o que reduce a nosa **renda dispoñible futura**.

2.1. Conceptos Clave

Para entender canto nos custa realmente un préstamo, debemos manexar varios **conceptos clave**:

- **Xuro:** O prezo do diñeiro prestado.
- **TIN (Tipo de Xuro Nominal):** É o xuro que nos cobra o banco polo diñeiro prestado, sen incluír outros gastos. É un dato informativo, pero non o custo total.
- **TAE (Taxa Anual Equivalente):** É o indicador máis importante para comparar préstamos, xa que inclúe tanto o xuro como as comisións.
- **Cota:** É o importe que se paga periodicamente (normalmente cada mes). Cada cota inclúe unha parte que devolve o capital e outra parte que paga os xuros.
- **Comisións:** Gastos de xestión, de apertura por formalizar o préstamo, de cancelación anticipada... que cobra a entidade financeira.
- **Prazo de Amortización:** É o tempo total que tes para devolver o diñeiro (meses ou anos)
- **Reembolso anticipado:** É a posibilidade de devolver a débeda antes de tempo, o que pode aforrar xuros pero tamén implicar unha comisión.
- **A Garantía:** É o "seguro" que ten o banco por se non pagas.

2.2. Comisións bancarias máis habituais nos préstamos

Os bancos aplican diversos cargos que debemos vixiar para seleccionar aquel que nos cobre menos comisións ou reclamar a súa devolución sempre que sexa posible:

- **Comisión de apertura:** Unha porcentaxe sobre o total prestado que se paga ao formalizar o contrato.
- **Comisión de estudio:** O que cobra o banco por analizar se somos solventes.
- **Comisión de cancelación ou reembolso anticipado:** Un cargo por devolver o diñeiro antes do tempo pactado.
- **Comisión por descuberto:** O que pagas cando a túa conta queda en "números vermellos".

2.3. O Risco do Endebemento "Rápido"

O **endebemento rápido** refírese a aqueles produtos financeiros que permiten obter diñeiro de forma case instantánea (créditos rápidos, préstamos "sen papeleo", tarxetas *revolving* ou descubertos bancarios). Aínda que parecen unha solución fácil para unha urxencia, ocultan riscos moi graves que poden destruír a saúde financeira dunha persoa.



Os principais riscos do endebedamento rápido son:

1. **O Custo Extremo (TAE Abusiva)**. Aplican intereses altísimos, un crédito rápido pode superar incluso o **100% anual**. Isto significa que acabas devolvendo o dobre ou o triplo do que pediches nun tempo moi curto.
2. **A "Espiral de Débeda" (Efecto Bóla de Neve)**. Debido aos intereses tan altos, moitas persoas descubren que non poden pagar a cota mensual. O risco aquí é a tentación de **pedir un novo crédito rápido para pagar o anterior** e a débeda acábase volvendo impagable.
3. **Comisións de Demora Elevadísimas**. Se te atrasas un só día no pago dun destes créditos, as comisións por impago e os xuros de demora dispáranse.
5. **Inclusión en Rexistros de Morosos (ASNEF/RAI)**. As entidades de crédito rápido son moi agresivas. Ante o primeiro impago, é moi probable que os teus datos acaben nun ficheiro de morosos. Isto impedirache no futuro:
 - Pedir unha hipoteca para unha casa.
 - Comprar un coche a prazos.
 - Incluso contratar unha liña de teléfono ou cambiar de compañía eléctrica.
6. **Perda de Renda Dispoñible e Estrés**. O risco non é só económico, senón tamén persoal. Ter unha débeda con intereses tan altos reduce a túa **renda dispoñible futura**, impedíndoche aforrar ou gastar no que realmente necesitas. Isto xera un estado de ansiedade e estrés financeiro constante.

2.4 Consellos prácticos: Ata onde podo endebedarme?

- O importe conxunto de todas as cotas por préstamos **non debe superar un tercio dos ingresos netos** ou da renda dispoñible mensual.
- O que me queda dos ingresos mensuais, despois de pagar as cotas dos préstamos, debe **permitir vivir razoablemente** cómodo, atender aos gastos de alimentación, transporte e ocio, e manter un pouco de aforro.
- Xestionar a nosa economía doméstica coma se foramos unha empresa e solo recurrir ao **endebedamento como inversión**; é dicir, cando reporte un beneficio futuro (débedas para formación ou vivenda).
- **Non recurrir ao endebedamento para consumo inmediato** que non vai a reportar ningún beneficio futuro (viaxes, festas...)
- Debemos analizar que **bens requiren endebedamento** (a vivenda, o coche, ou a educación) e, mantendo o principio de prudencia, reducir ao máximo o endebedamento para bens de consumo, que en moitas ocasións son prescindibles e que sería mellor afrontar con aforro previo que con endebedamento.
- O prazo de **devolución do préstamo non debe ser superior á vida útil do ben**. Se o teléfono móbil me vai durar dous anos, o prazo de devolución do préstamo para mercalo non debe ser superior.



- Sempre que vexas un anuncio que diga "Diñeiro xa, sen preguntas", lembra que a "pregunta" que non che fan hoxe será a factura que non poderás pagar mañá. Compara sempre a TAE e busca alternativas como o aforro previo ou un préstamo bancario tradicional.

3. Tipos de Préstamos: Persoais vs. Hipotecarios

Non todos os créditos son iguais nin teñen as mesmas garantías.

2.1. Préstamos Persoais

- **Uso:** Para bens de consumo (un coche, un ordenador, unha viaxe).
- **Garantía:** A garantía é a propia persoa (os seus bens presentes e futuros).
- **Xuros:** Adoitan ser máis elevados que os hipotecarios porque o banco corre máis risco ao non haber un inmovible de por medio.

2.2. Préstamos Hipotecarios

- **Uso:** Exclusivamente para mercar vivendas ou locais.
- **Garantía:** O propio inmovible (a casa) funciona como garantía. Se non pagas, o banco pode quedarse coa casa.
- **O Euríbor:** É o tipo de xuro ao que os bancos europeos se prestan diñeiro entre si. É a referencia que máis se usa en España para as hipotecas variables. Se o Euríbor sobe, as cotas das hipotecas variables soben.
- **Tipos de xuro nos hipotecarios:**
 1. **Fixo:** O xuro é o mesmo durante toda a vida da hipoteca. A cota non cambia nunca.
 2. **Variable:** O xuro cambia segundo un indicador (normalmente o **Euríbor**). Se o Euríbor sobe, a túa cota sobe; se baixa, pagas menos.
 3. **Mixto:** Combina ambos (por exemplo, os primeiros 5 anos fixo e o resto variable).

4. A Psicología do Endebedamento: Nesgos Cognitivos

As nosas decisións financeiras non sempre son racionais. O noso cerebro utiliza "atallos" mentais ou nesgos que poden xogar na nosa contra.

Por que asumimos riscos excesivos e nos endebedamos ou investimos mal?

1. **Aversión á perda:** Doe máis perder 100€ que a alegría de gañar 100€. Isto pode facer que manteñamos un investimento que vai mal só por non "aceptar a perda".
2. **Efecto rabaño (FOMO):** O "medo a quedar fóra" (*Fear Of Missing Out*). Se todos os nosos amigos invisten en criptomonedas ou compran algo a prazos, sentimos a necesidade de facelo sen analizar o risco.



3. **Nesgo de presente (Gratificación instantánea):** Valoramos moito máis o pracer de ter algo hoxe (o novo móbil) que o custo de pagalo durante dous anos. É a principal causa do sobreendebedamento.
4. **Exceso de confianza:** Pensar que sabemos máis co mercado ou que "a min non me vai pasar" cando se trata de estafas ou investimentos volátiles.
5. **Nesgo de ancoraxe:** Tomar unha decisión baseándonos só na primeira información que recibimos (ex: "Antes custaba 1.000€ e agora 700€, é un chollo!", sen pensar se realmente os 700€ son un prezo xusto ou se os temos).

5. Seguridade e Mitigación do Risco

Cando unha persoa se endebeda, asume o risco de que, no futuro, ocorra algo que lle impida pagar as cotas. Para mitigar este risco, existen seguros específicos que actúan como unha rede de seguridade.

5.1. Seguro de Vida asociado ao préstamo

É o máis habitual nas hipotecas. Se o prestatario (a persoa que pediu o diñeiro) falece ou sofre unha invalidez absoluta, a compañía de seguros paga o capital que queda pendente ao banco.

- **Beneficio:** A débeda cancelase e non pasa aos herdeiros, evitando que a familia perda a vivenda.

5.2. Seguro de Protección de Pagos (Desemprego)

Este seguro cobre o pago das cotas do préstamo durante un tempo determinado (normalmente entre 6 e 12 meses) en caso de que o traballador perda o seu emprego de forma involuntaria ou sufra unha baixa laboral prolongada.

- **Risco que cobre:** A perda temporal de ingresos.

5.3. Seguro de Danos (Multirrisco Fogar)

Nas hipotecas é obrigatorio por lei ter, como mínimo, un seguro de incendios.

- **Por que?** Porque a casa é a garantía do banco. Se a casa arde e non hai seguro, o banco queda sen garantía e ti quedas sen casa pero cunha débeda enorme.

A Regra de Ouro do endebedamento

O risco do endebedamento nunca desaparece por completo, pero pódese controlar con:

1. **Información:** Coñecendo a TAE e as condicións.
2. **Psicloxía:** Identificando os nosos nesgos (non mercar por impulso).
3. **Protección:** Usando a diversificación e os seguros adecuados.



Exercicios

Exercicio 1: Débito ou Crédito?. Identifica se as seguintes situacións supoñen o uso de diñeiro propio ou a creación dunha débeda:

1. Pagar a cea cunha tarxeta e que o desconto sexa inmediato: _____
2. Solicitar 3.000€ ao banco para pagar a matrícula da universidade: _____
3. Comprar unha televisión en 12 meses sen ter os cartos hoxe: _____
4. Sacar 20€ do caixeiro que se restan do teu saldo actual: _____

Exercicio 2: O Dicionario Financeiro. Define brevemente: TIN, TAE, Euríbor, Prima de seguro e Comisión de Apertura.

Exercicio 3: Verdadeiro ou Falso

- () O TIN é sempre maior que a TAE.
- () Nunha hipoteca variable, se o Euríbor sobe, a miña cota baixa.
- () A comisión de cancelación aplícase por devolver o diñeiro antes de tempo.
- () Se o Euríbor sube, a cota dunha hipoteca fixa tamén sube.
- () A TAE axúdanos a saber o custo real dun préstamo.
- () Os criptoactivos son un investimento seguro porque son dixitais.
- () Se pido un préstamo, no futuro terei menos diñeiro para os meus gastos diarios.
- () Un crédito rápido sempre é máis barato que un préstamo bancario normal.

Exercicio 4: A trampa do "Revolving". Ana ten unha débeda de 1.000€ nunha tarxeta *revolving*. Decide pagar só 25€ ao mes para "que non lle doa a carteira". Se os xuros son do 20% anual:

1. Explica por que Ana tardará moitos anos en pagar a débeda.
2. Que **nesgo cognitivo** (dos estudados anteriormente) cres que está influíndo na súa decisión de pagar unha cota tan pequena?

Exercicio 5: Comparando Préstamos Persoais. Imaxina que queres mercar un equipo de son de 2.000€.

- **Banco A:** TIN 5%, Comisión apertura 3%.
- **Banco B:** TIN 7%, Sen comisións.

1. Calcula o custo de cada un se se devolve nun ano.
2. Cal ten a TAE máis alta?
3. Indica cal é máis vantaxoso.

Exercicio 6: O custo do crédito. Imaxina que queres comprar un móbil de 600€ e non tes os cartos.

- **Opción A (Préstamo bancario):** Devolves 55€ ao mes durante 12 meses.
- **Opción B (Crédito rápido "sen papeleo"):** Devolves 70€ ao mes durante 12 meses.

1. Calcula o custo total de cada opción.
2. Canto pagas de máis (xuros) en cada caso respecto ao prezo orixinal?
3. Por que cres que moita xente recorre aos créditos rápidos a pesar de ser tan caros?



Exercicio 7: O Dilema da Hipoteca. Unha familia quere mercar unha casa de 150.000€. Teñen dúas opcións:

- **Opción Fixa:** Xuro do 4% para sempre.
 - **Opción Variable:** Euríbor + 1%. (Hoxe o Euríbor está ao 2,5%).
1. Que pasaría coa cota variable se o Euríbor subise ao 6%?
 2. Que opción elixirías se foses unha persoa que prefire a seguridade?

Exercicio 8: O Euríbor en movemento. Imaxina que tes unha hipoteca variable vinculada ao Euríbor. O ano pasado o Euríbor estaba ao 0% e pagabas 500€ ao mes. Este ano o Euríbor subiu ao 3,5%. Sen facer cálculos exactos, explica que lle pasará á túa renda dispoñible para ir ao cine ou cear fóra.

Exercicio 9: A trampa do descuberto. Quedas sen diñeiro na conta pero pasas a tarxeta para comprar un videoxogo de 60€. O banco cóbrache 15€ de comisión por "posición debedora". Que porcentaxe representa esa comisión sobre o prezo do xogo? Cres que paga a pena?

Exercicio 10: O dilema do sobreendebemento. Unha persoa gaña 1.200€ netos ao mes. Ten os seguintes gastos fixos: Aluguer (500€), Comida e facturas (300€). Decide comprar un coche pagando unha cota mensual de 350€.

1. Canta renda dispoñible lle queda para imprevistos?
2. Cres que é unha decisión financeiramente responsable? Que pasaría se ten un imprevisto médico ou unha reparación?

Exercicio 11: O perigo da desinformación. Le a seguinte noticia imaxinaria: "*Un influencer con 2 millóns de seguidores di que unha nova criptomoneda vai multiplicar o seu valor por 100 mañá*".

1. Que nesgo cognitivo está operando aquí?
2. Que dous riscos reais corres se decides investir todos os teus aforros nela?

Exercicio 12: O Perigo das Redes Sociais. Un *influencer* de moda anuncia un "crédito fácil sen papeleo" para ir a un festival de música.

1. Que **nesgos cognitivos** está intentando activar no alumnado?
2. Que riscos de **endebemento por descuberto** ou custo elevado ten este tipo de crédito?

Exercicio 13: O Perigo do FOMO. Un amigo di que se fixo rico con "Cripto-X" e insístiche para que metas os teus aforros. Que nesgo cognitivo está operando? Que riscos corres?

Exercicio 14: Identificando Nesgos. Relaciona a frase co nesgo correspondente:

1. "Compro o móbil a prazos porque o quero hoxe". ()
2. "Non vendo estas accións que perden valor por non admitir o erro". () A) *Aversión á perda* / B) *Gratificación instantánea*.



Exercicio 15: O "medo" de investir Explica cun exemplo como os **negos cognitivos** (como a presión social ou ver a outros gañar cartos rápido en Instagram) poden levar a un mozo de 15 anos a perder os seus aforros en criptomoedas.

Exercicio 16: Identificando Negos (Novo). Relaciona a frase co nesgo:

1. "Invisto en Bitcoin porque todos os da clase o fan". ()
2. "Compro o iPhone 15 a prazos porque o quero estrear esta tarde". ()

Exercicio 17: A letra pequena. Busca nunha web bancaria a comisión por "cancelación anticipada". Para que serve?

Exercicio 18: A letra pequena das comisións. Buscamos na web de dous bancos a "Ficha de Información Precontractual" dun préstamo persoal. Identifica as comisións de estudio e cancelación. Cal é máis cara?.

Exercicio 19: O impacto da inflación e o xuro. Se os prezos da comida suben un 5% (inflación) e o teu préstamo tamén sobe porque é variable, como afecta isto ao aforro dunha familia?.

Exercicio 20: O Seguro como protección. Pon un exemplo de como un seguro de fogar pode evitar que unha familia teña que pedir un préstamo tras unha inundación.

Exercicio 21: O caso de Pedro e o seu seguro Pedro ten unha hipoteca de 100.000 € e contratou un **seguro de vida** por ese importe. Lamentablemente, Pedro falece nun accidente.

1. Quen recibe o diñeiro do seguro: a familia de Pedro ou o banco?
2. Que lle pasaría á débeda da casa se Pedro non tivese contratado ese seguro?

Exercicio 22: Analizando a "Prima" Como sabes, un seguro non é gratis; hai que pagar unha **prima**. Imaxina que o seguro de protección de pagos custa 20 € ao mes e a túa cota do coche son 200 €.

1. Cres que paga a pena pagar un 10% extra (a prima) para estar cuberto en caso de quedar no paro? Xustifica a túa resposta baseándote no teu perfil de risco (eres conservador ou arriscado?).

Exercicio 23: A venda vinculada. Moitas veces, os bancos obrigan (ou presionan) a contratar os seus propios seguros para darche un préstamo cun xuro máis baixo.

1. Busca información sobre se é legal que un banco te obligue a contratar o SEU seguro de vida para darche unha hipoteca.
2. Que nesgo cognitivo está usando o banco cando che di: "*Se non contratas o seguro hoxe mesmo, a oferta do préstamo caduca*"?

Exercicio 24: Debate final. ¿É sempre malo endebedarse? Pon un exemplo de "débeda boa" (que axude a prosperar) e "débeda mala" (consumo impulsivo).



Exercicio 25: Deseño dunha campaña de prevención. En parellas, deseñade unha infografía para o instituto, que advirta sobre os perigos da **gratificación instantánea** e o uso de **créditos rápidos** para mercar obxectos de moda. O cartel debe mencionar polo menos **dous nesgos cognitivos**.

Neste folio fai o esbozo da infografía e redacta con corrección os nesgos que consideres máis importantes.